

ACORDO SOBRE AS CONDICIÓN S ESPECIAIS DE TRABALLO DO PERSOAL DOS CENTROS DE XESTIÓN PROPIA DA ÁREA DE BENESTAR DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR XUNTA DE GALICIA

PREÁMBULO

A actual coxuntura económica e a necesidade de reducir o déficit público fai necesario mellorar a eficiencia das Administracións Públicas no uso dos seus recursos, co obxecto de contribuir á consecución do inexcusable obxectivo de estabilidade orzamentaria derivado do marco constitucional e das recomendacións da Unión Europea.

O actual contexto legal e xurisprudencial fan necesario chegar a un acordo coas centrais sindicais, no ámbito dos servizos que se prestan na rede de centros de xestión propia da área de Benestar da Consellería de Traballo e Benestar co fin de acadar unha situación de equilibrio, sen menosacbar, por unha banda a prestación dos servizos sociais a un coste razoable, e por outra os dereitos laborais dos traballadores afectados. En última instancia preténdese que o traballo a quendas que se desenvolve nos centros obxecto deste acordo sexa o máis equilibrado posible entre tempo de traballo e tempo de descanso. Todo elo sen perder de vista a xornada máxima anual convencionalmente fixada.

É xusto recoñecer agora públicamente que o activo máis importante das nosas Administracións Públicas é o persoal ao seu servizo, responsable de prestar os servizos que a sociedade necesita con eficacia, calidade e dilixencia.

Os distintos colectivos que forman o emprego público son os que garanten os dereitos dos cidadáns a dispoñer dunha boa administración dos asuntos públicos. O seu traballo ten un importante valor engadido para a sociedade, e coa súa dedicación profesional aseguran, en última instancia, a satisfacción da sociedade en xeral cuns servizos públicos de calidade e que realmente resoven as necesidades que a mesma plantexa.

ARTIGO 1º.- PRINCIPIO XERAIS.

O presente acordo pretende conseguir, por ambas as partes asinantes, unhas carteleiras de traballo harmonizadas dos distintos centros de traballo afectados póla lei demedidas 1/2012 e a execución do conflito colectivo 13/2012, e en consecuencia unhas rotacións de quendas homoxéneas e equilibradas entre o personal e entre o tempo de traballo e o necesario descanso, tanto semanal como entre xornadas, recoñecido pola normativa vixente.

Ademais, asíñase o presente acordo co fin de acadar, por ámbalas dúas partes asinantes unhas compensacións económicas polos traballos desenvolvidos en domingo e festivo en consonancia coa actual coxuntura económica e as previsións de crecemento económico.

ARTIGO 2º.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

Este acordo aplícaselle a todo o persoal laboral da Xunta de Galicia que preste os seus servizos na rede de centros de xestión propia da área de Benestar da Consellería de Traballo e Benestar.

ARTIGO 3º.- DESCANSO ENTRE XORNADAS E DESCANSO SEMANAL.

Tal como establece o artigo 34.3 do Estatuto dos Traballadores, garántese que entre a finalización dunha xornada e o comezo da seguinte mediarán, como mínimo, doce horas.

Tal e como establece o artigo 19.1 do V Convenio Colectivo, todo o persoal incluído no ámbito de aplicación deste acordo terá dereito a un descanso mínimo semanal de dous días ininterrompidos.

Sendo a xornada de traballo da maior parte do persoal laboral incluído dentro do ámbito de aplicación do presente acordo unha xornada especial, por desenvolver un traballo a quendas, cando ao cambiar o traballador de quenda de traballo non poida gozar do descanso mínimo entre xornadas establecido no artigo 34.3 do Estatuto dos Traballadores, poderase reducir o mesmo, no día en que así ocorra, ata un mínimo de sete horas, quedando compensada a diferenza existente ata as doce horas nos días inmediatamente seguintes.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior e coa finalidade de compensar, en algunha medida a redución nel establecida, o colectivo de traballadores que presten os seus servizos nas tres quendas alternativas de mañá-tarde-noite poderán gozar de ata 3 días adicionais de descanso cada ano natural e o colectivo de traballadores que presten os seus servizos nas quendas alternativas de mañá e tarde poderán gozar de ata 1 día adicional de descanso cada ano natural. Estes días adicionais de descanso serán incluídos na carteleira de cada traballador/a, dentro do ano natural.

En todo caso, para os traballadores incluídos dentro do ámbito de aplicación deste acordo, a xornada máxima anual seguirá sendo de 1665 horas de acordo co establecido no artigo 18.1 do V Convenio Colectivo.

ARTIGO 4.- 24 E 31 DE DECEMBRO.

Todo o persoal incluído no ámbito de aplicación deste acordo que traballe efectivamente os días 24 e 31 de decembro gozarán dun descanso equivalente. Se por necesidades do servizo non se puidesen gozar estes días, concederáse o citado descanso durante o mesmo ano natural ou, no seu caso, durante o mes de xaneiro seguinte.

ARTIGO 5º.- TRABALLO EN DOMINGOS. XORNADAS E NOITES CONSECUTIVAS DE TRABALLO.

Garántese que o descanso semanal coincidirá efectivamente en domingo nunha proporción dun de cada tres como mínimo.

O número de xornadas consecutivas de traballo será de sete como máximo.

O número de noites consecutivas de traballo será de tres como máximo, quedan exceptuados en todo caso os traballadores contratados especificamente para traballo nocturno.

ARTIGO 6º.- PAGO DE COMPENSACIÓNS POR TRABALLO EN DOMINGO OU FESTIVO.

Establécese un pago compensatorio polo traballo efectivamente desenvolvido en domingos ou festivos oficiais, sen distinguir se o traballo é en quenda de mañá, tarde ou noite, nas cantidades e coa progresión que se establece no anexo deste acordo. Se o contrato non é de xornada completa aboarase a compensación en función da duración de dita xornada. Se o contrato é especificamente de fin de semana non tería dereito ao citado pago compensatorio.

As cantidades fixadas no anexo deste acordo non se empezarán a percibir ata transcorridos tres meses desde a data de sinatura do acordo.

ARTIGO 7º.- VIXENCIA DO ACORDO.

O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2015, prorrogándose a súa vixencia anualmente, a non ser que exista denuncia do mesmo por alguna das partes asinantes cunha antelación mínima de catro meses á da data de vencemento do prazo inicial ou de calquera das súas prórrogas.

Déixanse sen efecto, todos aqueles acordos, convenios ou pactos que contradigan o disposto neste acordo.

ANEXO

CANTIDADES A ABOAR POR TRABALLO EFECTIVAMENTE DESENVOLVIDO EN DOMINGO OU FESTIVO.

- Desde o 16 de abril de 2012 e ata o 31 de decembro de 2012 aboariáanse seguintes cantidades :

Grupo I: 30 €.

Grupo II: 26 €.

Grupo III: 22'50 €.

Grupo IV: 18'60 €.

Grupo V: 17 €.

- Dende o 1 de Xaneiro de 2013 ata o 31 de decembro de 2015 as cantidades a aboaron:

Grupo I: 47 €.

Grupo II: 39 €.

Grupo III: 33 €.

Grupo IV: 27 €.

Grupo V: 26 €.

- Dende o 1 de Xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2015 as cantidades a aboar serían:

Grupo I: 52 €.

Grupo II: 44 €.

Grupo III: 38 €.

Grupo IV: 32 €.

Grupo V: 31€.

